

## **A xuventude galega mobilizada polo Cambio Climático: entre o pesimismo e a esperanza indignada.**

**María Barba Núñez** Universidade de A Coruña, [maria.barba@udc.es](mailto:maria.barba@udc.es);

**Lucía Iglesias da Cunha**, Universidade de Santiago de Compostela, [lucia.dacunha@usc.es](mailto:lucia.dacunha@usc.es);

### **RESUMO**

O Cambio Climático representa un desafío educativo, socioeconómico, e político a escala global que precisa da activación da cidadanía para facer efectivos os cambios individuais e colectivos necesarios (Gaudiano, 2007; González-Gaudiano & Meira, 2020). A situación de emerxencia climática fai imprescindible ampliar a participación social nos movementos que reivindicán políticas máis ambiciosas e estruturais de transición ecolóxica. Estes movementos pro-climáticos adquiriron unha relevancia pública especialmente destacable no ano 2019, cun apreciable rol protagonista de adolescentes e xoves (Svampa, 2020). Nese mesmo ano realizamos tres grupos focais con persoas residentes en Galicia para explorar as motivacións, os obxectivos e as representacións da crise climática dentro destes movementos, ademais da súa percepción sobre o impacto social das súas accións e das súas relacións con outros movementos e colectivos. Un dos grupos contou coa participación de integrantes do colectivo *Nais polo Clima* e outros dous cos do movemento *Fridays for Future* de A Coruña e de Santiago de Compostela.

O centro de interese deste estudo é dar conta do modo en que as persoas participantes nos grupos focais interpretaban e valoraban a crise climática e sobre as claves que poden explicar a súa activación e influencia social. Nas súas testemuñas emerxen emocións encontradas: por un lado, as que denotan preocupación, frustración, tristeza e medo polas ameazas que proxecta o cambio climático sobre a humanidade e sobre o futuro das xeracións máis novas; por outro, indignación pola incapacidade das sociedades contemporáneas e as súas institucións para artellar respostas efectivas a estas ameazas; e por último, un sentimento forte de esperanza e certa satisfacción pola capacidade percibida de mobilización e impacto social que estaban tendo os movementos pro-climáticos nese momento.

En clave pedagóxica, explorouse o proceso de concienciación previo e a valoración que fan sobre a deficitaria abordaxe da crise climática no sistema educativo, como se ten evidenciado nas investigacións do equipo RESCLIMA (Arto et al., 2017). Tamén o impacto da implicación nos respectivos colectivos para as persoas integrantes, destacando a súa contribución no abandono de posturas derrotistas, así como as súas motivacións para introducir cambios nos seus estilos de vida coherentes cos obxectivos do seu activismo socioambiental. Neste sentido, os grupos focais mostran o potencial destes movementos como contextos pedagóxicos transformadores e de estímulo da participación social.

Os diálogos rexistrados, ademais de constatar as formas de organización do movemento -baseado na convocatoria de accións colectivas sen formalizarse como asociación- e os principios nos que se sustenta, exploraron ademais a percepción da figura de Greta

Thunberg como detonante do movemento e modelo referente para a mocidade mobilizada polo clima (Swampa, 2020). Neste sentido, os grupos fixeron unha valoración positiva desta figura, pero tamén criticouse a súa sobreexposición mediática por considerala unha presión excesiva para unha rapaza da súa idade, e por invisibilizar todo o traballo que hai detrás do movemento. A súa percepción da sociedade e da resposta política á problemática do cambio climático é pouco alentadora, pero o termo “esperanza” é o máis reiterado nos seus discursos á hora de cualificar o sentido do movemento polo clima.

A emerxencia sanitaria declarada no primeiro trimestre de 2020 por causa do Covid19 marcou certa desmobilización xeral, perdendo o movemento pro-climático visibilidade social e mediática (Di Cicco, 2020). Esta circunstancia pon de relevo que non é suficiente o empoderamento xuvenil na era dixital (La Rosa, 2014; Murillo, 2019), porque a capacidade de convocatoria nas redes sociais precisa materializarse ocupando o espazo público. Cando pase este período anómalo haberá que valorar que queda destas iniciativas e da súa capacidade para situar a crise climática no centro da axenda pública.

## BIBLIOGRAFÍA

- Arto, M., Barba, M., Rodrigues, M. & Meira, P. A. (2017). *Investigar o cambio climático na interface entre a cultura científica e a cultura común*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC.
- Di Cicco, M. (2020). ¿Sin Movimiento? Una breve aproximación a los movimientos sociales en medio de la crisis sanitaria del Covid. Disponible en [https://www.academia.edu/44282583/Sin\\_Movimiento\\_Una\\_breve\\_aproximacion\\_a\\_los\\_movimientos\\_sociales\\_en\\_medio\\_de\\_la\\_crisis\\_sanitaria\\_del\\_Covid\\_19](https://www.academia.edu/44282583/Sin_Movimiento_Una_breve_aproximacion_a_los_movimientos_sociales_en_medio_de_la_crisis_sanitaria_del_Covid_19)
- González-Gaudiano, E. & Meira Cartea, P. A. (2020). Educación para el cambio climático: ¿educar sobre el clima o para el cambio? *Perfiles Educativos*, 42 (168), pp. 157-174. <https://doi.org/10.22201/iisue.24486167e.2020.168.59464>
- González-Gaudiano, E. (2007). Educación y cambio climático: un desafío inexorable. *Trayectorias*, IX, 25, pp. 33-44.
- La Rosa, A. de (2014). Comunicación para la democracia: jóvenes y movimientos sociales en la era digital. *Apuntes de Ciencia & Sociedad*, 4 (1), pp. 118-124.
- Murillo, M. O. (2019). Declaración a favor de la juventud que exige una acción climática urgente. *Cuadernos de Investigación en Juventud*, (7), pp. 118-125.
- Svampa, M. (2020). ¿Hacia dónde van los movimientos por la justicia climática? *Nueva Sociedad*, 286, pp. 107-121.